



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Intervención

Aprobación do padrón de contribuíntes do 2º TR/2025 de auga, lixo, saneamento e depuración

EDICTO

Por resolución da Alcaldía de data 27/06/2025 acordouse:

PRIMEIRO: Pola necesidade de aprobar, con carácter de urxencia, o padrón de contribuintes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao **2º trimestre do ano 2025** e as liquidacións polos servizos de “auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canón de auga, aluguer de contador e lixo” correspondentes a refacturacións desde o 18 de marzo de 2025 ata o 12 de xuño de 2025, e de conformidade co artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro avocar a firma da resolución.

SEGUNDO: Aprobar o padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao **2º trimestre do ano 2025**, que comenza por G*****275 e remata por 327*****J, cun total de 21.813 recibos, cos seguintes importes:

Auga	400.755,94 €
Saneamento baixa	239.962,84 €
Saneamento alta	166.162,49 €
Depuración baixa	7.289,02 €
Depuración alta	230.969,54 €
Lixo	768.770,18 €
Bonificación SOGAMA	0,00 €
Aluguer contador	12.800,76 €
Canon da auga	135.771,20 €
IVE	107.235,38 €
TOTAL	2.069.717,35 €

TERCEIRO: Aprobar as liquidacións polos servizos de “auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canón de auga, aluguer de contador e lixo” correspondentes a refacturacións desde o 18 de marzo de 2025 ata o 12 de xuño de 2025:

Auga	-1.635,25 €
Saneamento baixa	-328,30 €
Saneamento alta	-239,46 €
Depuración baixa	0,00 €
Depuración alta	-618,52 €
Lixo	0,00 €
Aluguer contador	0,00 €
Canon da auga	-443,94 €
IVE	-282,16 €
TOTAL	-3.547,63 €

CUARTO: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

QUINTO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

SEXTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

SETIMO: A falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

O que se anuncia e fai público para xeral coñecemento do presente EDICTO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1, xeral de xestión, recadación e inspección.

Narón, 27 de xuño de 2025

A alcaldesa- presidenta

Marián Ferreiro Díaz

2025/4301